

# DANZA

(SEMANA 27 DE ABRIL DE 2020)

Ola a todos e todas!

A partir de agora, todas as semanas imos lembrar algunha das cousiñas que fixemos nas clases de danza.

Esta semana imos comezar por Guadi Galego. Lembrades a canción que fixemos os últimos días ao rematar a clase?

## GUADI GALEGO

"Chea de Vida"

(pincha e poderás escoitala)

<https://youtu.be/2UuEXPq4EMI>

Voltar

á terra que vos viu nacer  
onde os pobos deixan ver  
limpo e mais limpo solpor

Voltar,

onde a pedra viu medrar,  
onde as rúas estreitan,  
onde os bares non fechan.

Estarei subindo a unha montaña

Estarei buscando a sombra dunha parra

Estarei, estarei, estarei...

Chea de vida

Chea de vida

Chea de vida.

Voltaremos vernos noutro momento,

Voltaremos vernos, co movemento.

Voltaremos vernos, por fóra e por dentro.

Voltaremos vernos,



en silencio, con respecto.  
En silencio, sen pretensións.  
En silencio,  
En silencio.

Estarei subindo a unha montaña  
Estarei buscando a sombra dunha parra.  
Estarei, estarei, estarei...  
Chea de vida  
Chea de vida  
Chea de vida

Se queres aprender a canción coa **linguaxe de signos**, podes facelo con este video:

<https://youtu.be/HWmnOjGh604>

**Guadi Galego traballa moito coas nenas e nenos** e nunha ocasión fíxose unha actividade moi especial. Xuntáronse todos os nenos e nenas das escolas e institutos da comarca de Ferrol e Guadi deu un concerto para todos eles nas naves de Navantia.



Pincha neste enlace para poder velo:

<https://youtu.be/6K8imYXul4c>

**Desexo que vos guste!!!!**